

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE REDE DE SANEAMENTO E TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

Artigo 1º Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de rede de saneamento e tratamento e depuración de augas residuais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, na que as normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º Feito imponible

O feito imponible da taxa constitúeo:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede de saneamento municipal.
- b) A prestación de servizos de evacuación de augas residuais, a través da rede de saneamento municipal e o seu tratamento para depuralas, no seu caso.

Artigo 3º Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que sexan:

- a) Cando se trate da concesión de licenza de acometida á rede: o propietario do dominio útil do predio.
- b) No caso de prestacións de servizos do apartado b) do artigo anterior: os ocupantes ou usuarios dos predios do término municipal beneficiarios de ditos servizos, calquera que sexa o seu título, propietarios, usufructuarios ou arrendatarios.

2.-En todo caso terá a consideración de suxeito, pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas, ou locais, ou propietario destes inmobles, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

Artigo 4º Responsables

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades, en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º

SANEAMENTO:

A). Aboados domésticos:

Consumo ata 45 m3/trimestre 0,298909

Consumo superior a 45 m3/trimestre 0,298909

O mínimo desta tarifa será de 45 m3/trimestre

B). Aboados industriais e locais:

Consumo ata 60 m3/trimestre 0,298909

Consumo superior a 60 m3/trimestre 0,298909

O mínimo desta tarifa será de 60 m3/trimestre

C). Conservación de acometidas de alcantarillado: 0,212941

A todas as tarifas contempladas se lles aplicará o IVE vixente (na actualidade o 8% para auga e saneamento e o 18% para conservación).

Artigo 6º Beneficios fiscais

Estarán exentos os edificios e dependencias de propiedade do Concello que estean destinados á prestación de servizos públicos de competencia municipal.

Artigo 7º Retribución

1.-Retribúese a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendéndose iniciada esta:

a) Se se trata da presentación da oportuna solicitude de licenza da acometida, cando o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de saneamento municipal. A retribución por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivese, ou non, a licenza da acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que se poida instruír para a súa autorización.

2.-Os servizos de evacuación de augas negras e residuais, e da súa depuración, teñen carácter obrigatorio para tódolos predios do municipio que teñan fachada á rúa, prazas ou vías públicas nas que exista saneamento, e retribuirase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectual-la acometida á rede.

Artigo 8º Declaración, liquidación e ingreso

1.-Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no padrón de suxeitos pasivos da taxa nas oficinas do Servizo Municipal de Auga e

Saneamento. Estas últimas declaracións producirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez rematado o prazo de presentación de ditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no padrón farase de oficio, unha vez concedida a licencia de acometida á rede, ou dende que se teña coñecemento da efectiva acometida a esta, no seu caso.

2.-A liquidación e cobramento das taxas levarase a cabo trimestralmente ós abonados dos servizos de auga e saneamento, confeccionando, para tal efecto, unha lista cobratoria na que se especificarán o nome, apelidos do contribuínte, domicilio, metros cúbicos de auga facturada e débeda tributaria. As listas cobratorias, unha vez fiscalizadas pola Intervención, serán sometidas para a aprobación da Comisión de Goberno.

O cobramento levarase a cabo pola empresa concesionaria da explotación, domiciliando ós usuarios deste ó pagamento dos seus recibos en entidades bancarias colaboradoras, sen prexuízo de que a Administración municipal, excepcionalmente, estableza outra modalidade.

3.-O cobramento en período voluntario levarase a cabo durante o prazo de dous meses seguintes ó vencemento do trimestre a que se refire cada liquidación; transcorrido dito prazo, procederase ó seu cobramento pola vía de constrinximento.

4.-Os recibos trimestrais notificaranse individualmente ós suxeitos pasivos.

5.-Nos supostos de licencia de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude nas oficinas da empresa concesionaria do servizo; unha vez concedida aquela, practicarase a liquidación que proceda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento xeral de recadación.

6.-As altas e baixas que se produzan no servizo de abastecemento de auga potable producirán efectos con carácter automático no de saneamento.

Artigo 9º

1.-Non se concederá a alta a abonados que se trasladan de domicilio e non se encontren ó día no pagamento do saneamento.

Artigo 10º

As reclamacións sobre a recadación, por posibles erros de cálculo e outros motivos, efectuaranse na empresa concesionaria da explotación, achegando os recibos ou facturas que se presuma conteñan erro ou omisión.

Artigo 11º

No caso de traslado de domicilio do abonado, este seguirá sendo responsable do importe da taxa de saneamento da vivenda que deixou, se non se dá de baixa coa suficiente antelación nas oficinas do servizo.

Artigo 12º

O servizo de saneamento límitase á zona que comprenda a rede xeral.

Artigo 13º

A concesión de novas acometidas á rede faranse mediante solicitude dos interesados nas oficinas da empresa concesionaria da explotación, e co acordo adoptado polo Concello, previo informe.

Artigo 14º

As acometidas que se soliciten para utiliza-lo saneamento nos terreos onde non exista rede xeral, no caso de acceder a eso o Concello, deberán sufragalos gastos de ampliación da rede, e as obras deberán ser levadas a cabo pola empresa concesionaria da explotación, a cal levará o control e dirección das obras, conxuntamente cos técnicos do Concello.

Unha vez posta en funcionamento, pasará a instalación á propiedade do Concello.

Artigo 15º

Os propietarios dos predios que non contribuíran a sufragalos gastos do primeiro establecemento da rede xeral de saneamento nalgunha vía, cando soliciten levar a cabo a acometida para os seus inmobles, veranse obrigados a paga-la extensión da rede xeral necesaria para que se produza tal acometida, baixo as condicións técnicas de dimensión e instalación que os servizos municipais dispoñan.

Artigo 16º

Unha acometida servirá só para o predio que a pediu, sen que se permita estendela a varios aínda estando contiguos e pertencendo ó mesmo dono, excepto conveniencias de distribución para o servizo, facéndose neste caso a derivación fóra do predio privado.

Artigo 17º

Se pola venda, ou outras causas, se dividise a propiedade, os novos propietarios veranse obrigados a executar unha acometida independente para cada un.

Artigo 18º

Os diámetros dos tubos que se usarán para as acometidas serán.

- Para edificios compostos de baixo e dúas vivendas, o diámetro mínimo será de 160 mm, aumentándose este a medida que a casa teña máis pisos ou sexa susceptible de ser ampliada.
- Para edificios compostos de planta baixa e non sexan susceptibles de ampliación, 160 mm de diámetro mínimo.

Artigo 19º Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias así como das sancións que estas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.